



ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

BOQUEIXÓN

Padrón fiscal dos servizos de abastecemento de auga e sumidoiros correspondentes ó 2 trimestre do ano 2026

Exposición pública do Padrón das Taxas polos Servizos de Subministración de auga, conservación de contadores, canon da auga, coeficiente de vertedura e saneamento. Expediente: 2026/X998/000113

Configurado pola empresa concesionaria do servizo de subministración domiciliar de auga potable e saneamento, o padrón das taxas polos servizos de subministración de auga, conservación de contadores, canon de auga, coeficiente de verteduras e saneamento, correspondente ao **2º trimestre de 2026** o citado padrón estará a disposición do público durante 15 días a contar dende a data de publicación do presente anuncio no BOP na oficina de ESPINA & DELFÍN, SL sita no Lg/Forte (Casa do Concello) en horario de 9:00 a 13:30 horas, luns e xoves, para que os interesados poidan examinalo e, no seu caso, formular as reclamacións oportunas.

Contra os recibos que contén o padrón poderá formularse perante o Sr. Alcalde, o recurso de reposición previo ao contencioso - administrativo do artigo 14.2 do Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da lei reguladora das facendas locais, no prazo dun mes que se contará dende o día seguinte ó da finalización da exposición pública do padrón, nos termos previstos en dito precepto legal. Polo que respecta ó canon da auga poderá ser obxecto de reclamación económico – administrativa ante o órgano económico – administrativo da Comunidade Autónoma de Galicia tamén no prazo dun mes desde que se entenda producida a notificación consonte co disposto no art. 49.7 do Decreto 136/2012 polo que se aproba o regulamento do canon da auga e do coeficiente de vertido a sistemas públicos de depuración de augas residuais.

Neste senso, a publicación no Boletín Oficial da Provincia deste anuncio, produce efectos: de notificación expresa ao abeiro do disposto no artigo 102.3 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, xeral tributaria; e de anuncio de cobranza segundo o disposto no art. 24 do Real Decreto 939/2005, de 29 de xullo, que aproba o regulamento xeral de recadación.

O pago poderá efectuarse nas oficinas da empresa ESPINA & DELFÍN, S.L. abertas ao público de 9:00 a 13:30 horas, luns e xoves.

Transcorrido o período voluntario do pago establecido, ata o 4 de outubro de 2026, as débedas pendentes esixiranse pola vía de constrinximento coa recarga de prema, os xuros de mora e as custas que se produzan. Polo que respecta ó canon da auga a vía de constrinximento será realizada pola consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia.

Boqueixón, 9 de xullo de 2026

O alcalde, Ovidio Rodeiro Tato

2026/4679